

ALBERGUE EQUAL (COLES)

INFORMACIÓN XERAL:

DATOS XERAIS: O albergue está en pleno contorno rural de interior, no concello de Coles. Está a 1 km da Ribeira Sacra desde o municipio da Peroxa e próximo aos Peares e aos Canóns do Sil. Está equipado con calefacción, comedor, lavandería, aparcadoiro de superficie, armarios e aula de obradoiros. Ten mesa de ping-pong e piscina exterior. Nas zonas comúns hai unha biblioteca/sala de lectura, barra libre de dispensación de café, té e infusións ecolóxicas, xardín e zona de sombra para actividades ou descanso no exterior e sala de usos múltiples adaptada. Para a práctica deportiva, próxima á instalación, hai un centro hípico, embarcadoiro e polideportivo.

ACCESIBILIDADE: A instalación consta de 2 plantas. Se ben a planta baixa permite a accesibilidade para actividades de día, a planta superior non é accesible para cadeiras de rodas ou persoas con dificultades motrices severas, xa que o acceso aos dormitorios é a través da escaleira.

ACCESOS: A Barra, Concello de Coles. Estrada de Ourense - Santiago de Compostela (N-525), dirección A Peroxa, a 12 km de Ourense. Sinalización en Vilarchao, como Centro de Educación Ambiental.

ENDEREZO: Campamento "EQUAL", A Barra s/n- Coles – 32152 Ourense
Tel. 988 206 353 – 669 257 283 - Empresa EQUAL SOC.COOP.GAL
<http://www.centroequal.com>

QUENDAS, IDADES E ACTIVIDADES:

QUENDA	IDADES	DESCRIPCIÓN ACTIVIDADES
5 a 12 de agosto	9 – 11 (Anos de nacemento 07-08-09)	<ul style="list-style-type: none"> • Iniciación á hípica, coñecemento e coidados do cabalo, seguridade no achegamento e manexo do animal, prácticas diarias de iniciación á equitación. • Visita guiada ao Centro de Recursos Zooxenéticos de Galicia no Pazo de Fontefiz. • Piscina • Obradoiros de ecoloxía, de reciclaxe creativo, vermicompostaxe, enterpretacion ambiental, de herbas aromáticas. • Obxectivos: fomentar a autonomía e a responsabilidade persoa, favorecer a colaboración e traballo en equipo e un clima de convivencia cordial ... • Actividades xerais: obradoiros de medio ambiente, de comunicación e expresión, pequenas rutas , xogos e veladas de animación.

NORMAS XERAIS:

1. Os participantes estarán atendidos permanentemente por persoal titulado e especializado na organización e no desenvolvemento das actividades propias deste campamento.
2. **Prégase non facer visitas de non ser necesario**, coa fin de non interferir no desenvolvemento das actividades.
3. Cóntase con atención sanitaria a 6 km do albergue, no PAC de Coles. Os participantes deberán levar ao Campamento, as **tarxetas sanitarias orixinais**, especialmente as de MUFACE e o talonario de receitas. Calquera incidencia de consideración será comunicada ao teléfono familiar do acampado/a.



4. Para poder falar cos participantes, o horario será o establecido polo equipo directivo, do que se dará información na reunión de recepción. Os participantes poderán facelo despois de cada comida. Facilitarase o uso dun teléfono de liña fixa.
5. **Ningún participante** poderá abandona-lo recinto do campamento sen autorización expresa do director da actividade, e sempre acompañado dos seus pais, ou persoa adulta autorizada (**fotocopia do DNI dos pais e autorización escrita e fotocopia do DNI da persoa autorizada de ser o caso**), debendo cubri-lo impreso axeitado que lles será facilitado polos monitores. Prégase non facer visitas de non ser necesario, co fin de non interferir no desenvolvemento das actividades.
6. Os medicamentos que estean a tomar os participantes, así como as alerxias, doenzas, ou calquera outra incidencia que se considere de interese a ter en conta nestes días, débese comunicar ao persoal técnico da actividade.
7. Recoméndase que os rapaces/as, leven a súa roupa marcada coas súas iniciais.
8. Os directores da actividade teñen prevista a organización dun “banco” de cartos e outro de móbiles.

Asemade, e tal e como xa se indicaba na Orde de convocatoria:

- A incorporación realizarase o día de inicio da quenda entre as **15:00 e as 17:00** horas no Campamento.
- O día de remate da quenda a saída dos participantes realizarase entre as **10:00 e as 12:00** horas na mesma instalación.

Dadas as circunstancias das actividades a realizar aconséllase levar:

- Útiles de aseo persoal (xabón, cepillo e pasta de dentes, desodorizante, crema de protección solar, etc.).
- 2 toallas.
- Niquis, camisetas.
- Viseira.
- Roupa interior.
- Pixamas.
- Pantalóns curtos de deporte.
- Un pantalón longo tipo leggings.
- Chándal.
- Chuvasqueiro.
- Sudadoiros, xerseis.
- Chancletas.
- Saco de durmir.
- Bañador, gorro e toalla para a piscina.
- Cantimplora.
- Lanterna.
- Mochila pequena para saídas.
- Bolsa de tela (roupa sucia).
- Libros de lectura (opcional)
- Calzado deportivo (2 pares).
- Calcetíns.
- Medicamentos en caso de tratamento para todo o campamento coa prescrición médica, pautas e doses (entregarllos á persoa responsable).
- Tarxeta sanitaria orixinal.

O horario tipo básico da quenda será o seguinte:

09,00.- Levantarse e asearse	17,00.- Piscina
09,30.- Almorzo	18,00.- Merenda
10,00.- Recoller o dormitorio	19,00.- Actividades
10,30.- Actividades	20,00.- Ducha
14,00.- Xantar	21,00.- Cea
15,00.- Tempo libre	22,30.- Velada
16,00.- Obradoiro	23,30.- A durmir

O horario para recibir chamadas dos pais e nais é de 15,00 a 16,00 h. Neste tempo, os/as rapaces/zas dispoñen dos seus móbiles se os traen ou ben pódese chamar aos teléfonos 988 20 63 53 ou 669 25 72 83.

Esperamos que sexa do voso agrado o noso programa de actividades.